

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

DECRETO 179/2024, do 2 de setembro, polo que se regulan as funcións, a composición e o réxime de funcionamento da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral.

I

O artigo 148.1.3 da Constitución española dispón que as comunidades autónomas poden asumir a competencia sobre «ordenación do territorio, urbanismo e vivenda». Así o fixo Galicia, recoñecendo a citada competencia e incluíndo, ademais, a ordenación «do litoral», ao dispoñer no artigo 27.3 do seu Estatuto de autonomía (en diante, EAG) que «no marco do presente estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre as seguintes materias: 3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda».

Sobre a base das competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e do litoral (artigo 27.3 do EAG) aprobouse a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que se fundamenta, ademais, noutros títulos competenciais cando as súas previsións se proxectan sobre o mar, tales como a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma sobre a pesca nas rías e nas demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura (artigo 27.15 do EAG) e sobre os portos autonómicos (artigo 27.9 do EAG), a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro (artigo 28.5 do EAG) e portos pesqueiros (artigo 28.6 do EAG), ou a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo (artigo 20.3 do EAG) e verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (artigo 29.4 do EAG), por citar os títulos máis significativos. Débense engadir á anterior relación as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ambiente, que foron progresivamente perfiladas polo Tribunal Constitucional na interpretación do artigo 149.1.23 da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a «lexislación básica sobre a protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección», e da asunción estatutaria das competencias, como a realizada no artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, ao recoñecer a competencia exclusiva da materia «normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23».

CVE-DOG: jqhwm665-0g42-sb08-jwp3-6uasalwmxu3



No marco das devanditas competencias, a Lei 4/2023, do 6 de xullo, ten por obxecto a ordenación e a xestión do litoral desde un enfoque ecosistémico e integrado, que garanta un desenvolvemento sustentable.

II

Como indica a exposición de motivos da Lei 4/2023, do 6 de xullo, «A integración exige superar a visión sectorializada do litoral, en prol dunha xestión que tome en consideración os diversos usos e as actividades económicas que se proxectan e desenvolven no litoral, os diversos riscos e as ameazas que afecten os ecosistemas mariño-costeiros, así como as distintas administracións que concorran na súa ordenación e xestión, isto é, adoptar un enfoque integrado na xestión do litoral. É precisamente a aspiración de alcanzar unha xestión integrada do litoral a que exige unha regulación como a presente, que distingue os espazos, os suxeitos e as actividades, mais sen esquecer que o litoral é unha entidade única e continua que require de regras de ordenación coherentes e de accións coordinadas».

Como indica o artigo 1.2 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, a ordenación e xestión integrada do litoral comprende, entre outros aspectos, o establecemento dunha organización administrativa do litoral que garanta a xestión integrada a través de técnicas adecuadas e efectivas de coordinación, colaboración, cooperación e participación.

No capítulo II do título preliminar da Lei 4/2023, do 6 de xullo, establécese que o deseño, a aprobación e a xestión dos instrumentos de ordenación do litoral, así como a toma de decisións sobre os usos e actividades que se realicen no litoral, se basearán no enfoque ecosistémico e na xestión integrada (artigo 4), que os órganos das administracións públicas que participen no deseño, na aprobación e na xestión dos instrumentos de ordenación do litoral ou na toma de decisións respecto dos usos e actividades que se desenvolvan no litoral colaborarán activamente cos demais órganos da propia Administración ou de distinta Administración (artigo 5.2), e que todas as accións de ordenación do litoral deben realizarse garantindo a coordinación institucional e asegurando tanto a coherencia nas actuacións dos órganos da Administración autonómica como a coordinación entre a Administración autonómica e as outras administracións competentes.

En consecuencia, o artigo 14 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, crea un órgano específico de coordinación, a Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral.

No devandito artigo atribúese á Comisión a función de coordinación da elaboración, aplicación e seguimento dos instrumentos de ordenación do litoral que regula a Lei 4/2023,

CVE-DOG: iqhwm665-0g42-sb08-jwp3-6uasalwmxu3



do 6 de xullo. Esa función concrétese noutros preceptos do texto legal. Así, o artigo 6 configúraa como un instrumento de coordinación, establecendo a súa intervención cando resulte necesario simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos relacionados coas políticas e medidas recollidas na lei. A seguir, o artigo 21.2 indica que lle corresponde a elaboración dos criterios interpretativos ou das directrices que resulten necesarias para promover a xestión integrada dos instrumentos de ordenación do litoral, e a disposición adicional quinta, no número 2, establece, ademais, que velará pola integración entre as disposicións da lei e as leis sectoriais, e impulsará, cando proceda, as modificacións que favorezan a xestión integrada do litoral.

III

O obxecto deste decreto, que se divide en doce artigos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras, é precisamente regular as funcións, a composición e o réxime de funcionamento da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral, consonte a habilitación establecida para o efecto no artigo 14 da Lei 4/2023, do 6 de xullo.

En canto á súa tramitación, o decreto tramitouse de conformidade co disposto nos artigos 40 ao 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en diante, Lofaxga).

Este anteproxecto de decreto axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no cal se exige que: «en todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación delas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia».

Así, o principio de necesidade desta iniciativa normativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de decreto, por afectar materias que están reguladas por este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos do decreto se realiza un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de xeito que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cida-



danía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración do propio decreto como na fase de planificación e sen menoscabo dos procedementos de participación que poidan estar previstos noutras normas, así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

O decreto axústase ao principio de transparencia, dado que durante a súa tramitación, de conformidade coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicou no Portal de transparencia e goberno aberto, na epígrafe Información de relevancia xurídica, o día 14 de xuño de 2024. Así mesmo, en cumprimento do artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicouse o texto o 17 de xullo de 2024, con ocasión da solicitude do ditame do Consello Consultivo.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de setembro de dous mil vinte e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto regular as funcións, a composición e o réxime de funcionamento da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral (en diante, a Comisión), para o cumprimento dos fins e a realización das funcións que lle atribúe a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Artigo 2. *Natureza, fins e adscrición*

1. A Comisión é o órgano colexiado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia responsable da coordinación da elaboración, aplicación e seguimento dos instrumentos de ordenación do litoral.



2. A Comisión garantirá que o deseño, a aprobación e a xestión dos instrumentos de ordenación do litoral previstos na Lei 4/2023, do 6 de xullo, así como a toma de decisións sobre os usos e actividades que se realicen no litoral, se baseen no enfoque ecosistémico e na xestión integrada, de conformidade cos principios de colaboración, cooperación e coordinación.

3. A Comisión adscríbese á consellería competente en materia de ordenación do litoral.

Artigo 3. *Réxime xurídico*

A Comisión réxese polo disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, polo disposto para os órganos colexiados na lexislación básica sobre o réxime xurídico das administracións públicas, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e polo disposto neste decreto.

Artigo 4. *Funcións*

1. Son funcións da Comisión:

a) Coordinar a elaboración, a aplicación e o seguimento dos instrumentos de ordenación do litoral regulados na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e coordinar a toma de decisións respecto dos usos e actividades que se desenvolvan no litoral.

b) Coordinar, cando resulte necesario, os diferentes órganos implicados nas políticas e nas medidas previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, en prol de simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos relacionados con elas.

c) Velar pola integración das disposicións da Lei 4/2023, do 6 de xullo, e das leis sectoriais que afecten o litoral, impulsando, cando proceda, as modificacións que favorezan a súa xestión integrada.

d) Elaborar os criterios interpretativos ou directrices que resulten necesarios para promover a xestión integrada dos instrumentos de ordenación do litoral.

2. A Comisión incorporará a perspectiva de xénero na execución das súas funcións.



Artigo 5. Composición da Comisión

1. Son membros da Comisión as persoas titulares da Presidencia, a Vicepresidencia e as persoas titulares das vogalías.

2. Correspóndelle a Presidencia da Comisión á persoa titular da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de ordenación do litoral.

3. Correspóndelle a Vicepresidencia da Comisión á persoa titular do órgano superior ou directivo que teña atribuídas competencias en materia de ordenación do litoral.

4. Serán vogais da Comisión as persoas titulares das consellerías competentes nas materias establecidas no artigo 11.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo.

Exceptúase desta regra o caso da persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do litoral, á cal, de acordo co disposto no número 1 deste artigo, lle corresponde a Presidencia da Comisión.

5. Tamén asistirá, con voz pero sen voto, un representante da Asesoría Xurídica Xeral.

6. Na medida en que os asuntos da orde do día que se vaian tratar afecten as súas competencias, tamén poderán ser convocadas pola Presidencia as persoas titulares doutros órganos de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con voz pero sen voto. Así mesmo, as persoas vogais poderán acudir acompañadas das persoas titulares de órganos de dirección relacionados coas materias que compoñen a orde do día, con voz pero sen voto.

7. Actuará como secretario/a da Comisión a persoa que ocupe a subdirección xeral que teña atribuídas as funcións en materia de ordenación do litoral, que actuará con voz pero sen voto.

8. En caso de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os/as vogais serán substituídos/as polas persoas suplentes que sexan designadas para o caso polos/as titulares, caso en que disporán de voz e voto. A persoa titular da Secretaría poderá ser substituída pola persoa suplente que designe a Presidencia, que deberá cumprir os requisitos previstos no artigo 18.1 da Lofaxga.

9. Na composición da Comisión procurárase conseguir unha presenza equilibrada entre mulleres e homes.



Artigo 6. Presidencia

De acordo co artigo 16.1 da Lofaxga, son funcións da Presidencia da Comisión:

- a) Desempeñar a representación do órgano.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a do órgano.

Artigo 7. Vicepresidencia

Correspóndelle á persoa que desempeña a Vicepresidencia:

- a) Substituír a persoa que desempeña a Presidencia nos casos de vacante, enfermidade, ausencia ou outra causa legal.
- b) Exercer as funcións intrínsecas á súa condición de membro da Comisión, con dereito a voto.
- c) Cantas outras funcións expresamente lle sexan delegadas pola Presidencia.
- d) Asistir a Presidencia nas correspondentes sesións da Comisión.

Artigo 8. Membros

De acordo co artigo 17.1 da Lofaxga, correspóndelles aos membros da Comisión:

CVE-DOG: jqhwm665-0g42-sb08-jwp3-6uasalwmxu3



a) Recibir, cunha antelación mínima de dous días, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros coa antelación referida.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Non absterse nas votacións.

e) Formular rogos e preguntas.

f) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

Artigo 9. *Secretaría*

De acordo co disposto no artigo 18.3 da Lofaxga, son funcións da persoa titular da Secretaría da Comisión:

a) Asistir ás reunións con voz e sen voto, salvo que a persoa suplente da Secretaría sexa membro do órgano, caso en que terá dereito a voto.

b) Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde da persoa que desempeñe a Presidencia, así como as citacións aos membros desta.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos e elaborar a acta das sesións do Pleno.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Aquelas que sexan inherentes á Secretaría da Comisión.

CVE-DOG: jqhwm665-0g42-sb08-jwp3-6uasalwmxu3



Artigo 10. Funcionamento

1. A Comisión funcionará en Pleno e en grupos de traballo.

2. Para a válida constitución da Comisión, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da persoa que desempeñe a Presidencia e da persoa que desempeñe a Secretaría ou das persoas que as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros, en primeira convocatoria, e dunha terceira parte dos seus membros, incluídas as persoas titulares da Presidencia e a Secretaría ou de quen as substitúan, en segunda convocatoria.

3. A Comisión poderá constituír grupos de traballo por sectores ou por temas, que poderán ser permanentes ou temporais. A forma de actuación, número e composición dos grupos de traballo e as súas funcións serán aprobadas polo Pleno.

4. A Comisión desenvolverá a súa actividade nun contorno dixital, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 11. Pleno

1. Ao Pleno corresponderanlle as funcións establecidas no artigo 4.

2. O Pleno reunirase dúas veces ao ano con carácter ordinario, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa Presidencia, por iniciativa propia ou por proposta, polo menos, da metade das súas vogalías.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos emitidos polas persoas presentes. A persoa que desempeñe a Presidencia, en caso de empate, terá voto de calidade.

4. Ademais dos membros da Comisión, poderán asistir ás sesións do Pleno, logo de invitación da persoa que desempeñe a Presidencia, con voz pero sen voto, outras persoas de recoñecida competencia profesional que, polos seus coñecementos técnicos e científicos, poidan prestar o asesoramento necesario nos asuntos que se vaian tratar.

5. As convocatorias do Pleno, tanto ordinarias coma extraordinarias, realizaranse, polo menos, con cinco días naturais de antelación. Coa convocatoria achegaranse a orde do día dos temas que se van tratar e a documentación necesaria.



6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo no Pleno ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 12. *Retribucións*

Os membros da Comisión, así como a persoa titular da Secretaría, a persoa representante da Asesoría Xurídica Xeral, as persoas acompañantes a que se refire o segundo inciso do artigo 5.6 e as persoas que asistan ás sesións na súa condición de persoal invitado en virtude do disposto no artigo 11.4, non percibirán retribucións económicas nin ningunha indemnización por asistencia ás sesións do Pleno ou dos grupos de traballo.

Disposición adicional primeira. *Gastos de funcionamento*

As actuacións da Comisión non xerarán incremento das consignacións orzamentarias da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral.

Disposición adicional segunda. *Constitución da Comisión*

A Comisión constituirase no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral para aprobar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dous de setembro de dous mil vinte e catro

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

